



↑ Rebuilding. Max Walker-Silverman. ESTREA 5 JUN

---

# NUMAX PRESENTA:

---

**102 | XUÑO 2026**


---



Librería

## Uns ollos vivos que pensan

Celebramos a reedición do catálogo coa obra do fotógrafo José Suárez cunha escolla de libros de fotografía e de pensamento arredor da imaxe.



### **José Suárez:** *Uns ollos vivos que pensan*

José Suárez  
XUNTA DE GALICIA | 30€




### **O xénero detrás da cámara**

Jennifer Novoa et al. (Eds.)

ALVARELLOS | 22€



**Sobre la  
fotografía**  
Susan Sontag  
DEBOLSILLO | 12,95€



**Disparos  
contados**  
Leila Méndez  
ANAGRAMA  
| 15,90€




**Haiek Danak  
Sorginak  
(Todas ellas  
brujas)**  
Bego Antón  
COMISURA | 29€



**Love in  
a Time  
of Allegory**  
Nicholas  
Muellner  
SPBH | 15€




**A roupa  
gastabámola  
escura**  
Emilio Arauxo  
TOXOSOUTOS | 14€



**Edelmiro  
Méndez.  
Da terra  
que fomos**  
VV.AA.  
CANELA | 30€



**Nacenza**  
Amador  
Lourenzo  
FABULATORIO | 40€



**Migrant  
Mother,  
Migrant  
Gender**  
Sally Stein  
MACK | 9,50€

**MÉRCORES 3 DE XUÑO ÁS 19:00H**

**Juan Gómez Bárcena** presenta *Abril o nunca* (SEIX BARRAL) con **Javier Pintor**.

**VENRES 5 DE XUÑO ÁS 19:00H**

**Xaime Martínez** presenta *Pábilum* (ULTRAMARINOS) con **Ismael Ramos**.

**MARTES 9 DE XUÑO ÁS 19:00H**

**Jesús Carrasco** presenta *El detalle* (SEIX BARRAL) con **Cecilia F. Santomé**.

**XOVES 11 DE XUÑO ÁS 19:00H**

**Mario Obrero** presenta *Con e de curcuspín* (RINOCERONTE).

**MÉRCORES 17 DE XUÑO ÁS 19:00H**

**Elaine Vilar Madruga** presenta *La piel hembra* (BARRETT) con **Iria Pinheiro**.

**XOVES 18 DE XUÑO ÁS 19:00H**

Coloquio arredor da obra de **Sani Ladan**.

**XOVES 25 DE XUÑO ÁS 19:30H**

**Xosé Ramón Fandiño** presenta *Memoria do vivido* (ALVARELLOS) con **Valentín García** e **Henrique Alvarellos**.

**VENRES 26 DE XUÑO ÁS 19:00H**

**Juan Andrade** presenta *El cielo y las ruinas* (AKAL) con **Germán Labrador**.

F O C O

R A I N E R

W E R N E R

F A S S -

B I N D E R

9 XUÑ

**A LEI DO MÁIS FORTE**

(Faustrecht der Freiheit, 123', 1975)

16 XUÑ

**O MERCADOR  
DAS CATRO ESTACIÓNS**

(Händler der vier Jahreszeiten, 89', 1971)

24 XUÑ

**EFFI BRIEST**

(Effi Briest, 134', 1974)

30 XUÑ

**A VIAXE Á FELICIDADE  
DE MAMÁ KÜSTER**

(Mütter Kusters Fahrt zum Himmel, 120', 1975)

**NUMAX**

Colabora



## Filme do mes:




### **REBUILDING** ESTREA 5 XUÑ Max Walker-Silverman, 95', ING, VOSE Con Josh O'Connor, Lily LaTorre

Despois de que un incendio forestal arrasase a súa granxa, Dusty, un pai divorciado, vese obrigado a comezar de cero nun campamento de casas rodantes habilitado polo goberno. No medio da dor, encontra unha inesperada rede de apoio nos seus novos veciños.

Josh O'Connor volve conquistar a pantalla nesta emocionante película sobre o valor da comunidade para afrontar os traumas e conquistar o ben común. “Un bálsamo ante o egoísmo, a falta de bondade e o individualismo imperantes” (*Página 12*).

 **Punto de Encuentro — SEMINCI 2025**



### SHREK (25 ANIVERSARIO)

ESTREA 5-6-7 XUÑ

Andrew Adamson, Vicky Jensen, 87', VE, +6

Nunha afastadísima lameira, vivía un ogro chamado Shrek. A súa soidade verase interrompida por unha invasión de sorprendentes personaxes e seres deportados da súa terra polo malvado Lord Farquaad.

🏆 Mellor Longametraxe de Animación — Óscar 2001



### LOS ILUSOS 13 + 13

ESTREA 12 XUÑ

Jonás Trueba, 93', ESP, VO, TP

Con Francesco Carril, Aura Garrido

13 anos despois da estrea de *Los ilusos*, Jonás Trueba regresa ás salas cunha nova versión que incorpora a cor orixinal da rodaxe, até agora inédita, e propón un diálogo entre ambos materiais.



### ELEONORA DUSE, A DIVINA


ESTREA 12 XUÑ

Pietro Marcello, 122', ITA, VOSE, +12

Con Valeria Bruni Tedeschi, Fanni Wrochna

Na Italia de posguerra e tras anos afastada dos escenarios, a lendaria actriz Eleonora Duse sente o impulso de volver ao teatro, o único lugar onde algunha vez foi verdadeiramente libre. O seu regreso é unha loita contra o tempo, o poder e a súa propia decadencia.

🏆 Sección Oficial — Venecia 2025



### O DÍA DA REVELACIÓN

ESTREA 19 XUÑ

Steven Spielberg, 145', ING, VOSE

Con Emily Blunt, Josh O'Connor

Nun futuro non moi afastado, a humanidade está a piques de descubrir a verdade sobre a existencia de extraterrestres. Millóns de persoas prepáranse para a revelación. A forma na que entendemos o universo empeza a mudar.



## **VIVA ESTREA 19 XUÑ**

**Aina Clotet, 113', CAT, VOSE, +16**

Con Aina Clotet, Marc Soler

Nun futuro marcado pola seca extrema, Nora, unha muller ás portas dos 40, enfrenta o retorno á súa vida despois de superar un cancro de mama. Verá tambalearse os seus plans coa irrupción de Max, un mozo de 23 anos.

🏆 **Semana da Crítica — Cannes 2026**



## **CASO 137 ESTREA 19 XUÑ**

**Dominik Moll, 115', FR, VOSE, +12**

Con Léa Drucker, Yoann Blanc

Stéphanie, axente de Asuntos Internos, ocúpase do caso dun chaleco amarelo ferido durante nunha manifestación. O caso adquire un cariz persoal ao descubrir que a vítima é da mesma vila ca ela o que transforma o dossier 137 en algo máis ca un simple caso.

🏆 **Sección Oficial — Cannes 2025**



## **15 PROBAS DE AMOR ESTREA 26 XUÑ**

**Alice Douard, 96', FR, VOSE, +12**

Con Ella Rumpf, Monia Chokri

Céline agarda o seu primeiro fillo pero non é ela quen está embarazada. A súa esposa Nadia vai dar a luz a súa filla. Baixo a mirada dos seus amigos, a súa nai e a propia lei, Céline loita contra un sistema que lle pon trabas para conseguir ser a nai da súa propia filla.

🏆 **Premio Europa Film Festivals — Xixón 2025**

## Os ollos verdes



### **PETRUS** PASE ÚNICO 11 XUÑ

**Helena Bengoetxea, 94', EUS, VOSE**

Joseba Lekuona esculpe pezas para un mercado de arte exclusiva. Simeón Hidalgo, profesor xubilado, mantén a duras penas o museo Petrus, un proxecto cultural en medio da nada, onde a alcaldesa, Elsa Plano, fai da supervivencia do val a súa cruzada vital. Os tres entrecruzan os seus camiños nos que fan do cotián unha forma de resistencia.



### **EL PRÍNCIPE DE NANAWA**

**PASE ÚNICO 25 XUÑ**

**Clarisa Navas, 212', ESP, VO**

Nunha bulideira pasarela que separa Arxentina de Paraguai, onde a xente trafica todo tipo de cousas, coñecemos a Ángel, que ten que tomar decisións claves para o seu futuro.

## Outras proxeccións

### **SLOW**

**PASE ÚNICO 2 XUÑ**

CICLO EXTRA PAPEL & PRATA

**Marija Kavtaradze, 104', 2023**

**i** Presentación de Nee Barros

### **A ESTACIÓN VIOLENTA (9º ANIVERSARIO)**

**PASE ÚNICO 5 XUÑ**

**Anxos Fazáns, 68', 2017**

**i** Coloquio coa directora

### **DOS DÍAS**

**PASES ÚNICOS 7 E 10 XUÑ**

**Gonzaga Manso, 88'**

**i** Coloquio con Melania Cruz (7 XUÑ) e Leticia Sola (10 XUÑ)

### **A MULLER DO AVIADOR**

**PASE ÚNICO 8 XUÑ**

**Éric Rohmer, 104', 1981**

Carta branca Ángel Santos

### **O VÍDEO DE BENNY**

**PASE ÚNICO 10 XUÑ**

**Michael Haneke, 105', 1992**

### **OS NENOS DO PARAÍSO**

**PASE ÚNICO 17 XUÑ**

FILMES CONTRA A GUERRA

**Hiroshi Shimizu, 88', 1948**

### **BS. AS. (20º ANIVERSARIO)**

**PASE ÚNICO 26 XUÑ**

**Alberte Pagán, 79', 2006**

**i** Presentación e coloquio co director

### **THE WATERMELON WOMAN** PASE ÚNICO 27 XUÑ **DÍAS DO ORGULLO LGBTQIA+**

**Cheryl Dunye, 90', 1996**

### **BACKROOMS**

**PASE ÚNICO 29 XUÑ**

**Kane Parsons, 105'**

**i** Presentación de Antonio Giráldez (Bartlebooth)

## Foco Rainer Werner Fassbinder



### **A LEI DO MÁIS FORTE**

**PASE ÚNICO 9 XUÑ**

**Rainer Werner Fassbinder, 123', DE, VOSE, 1975**  
Con Rainer Werner Fassbinder, Peter Chatel

Franz, un mozo homosexual, vulgar e inxenuo, gaña medio millón de marcos na lotaría, o que lle permite frecuentar círculos gais máis selectos, onde namora de Eugen, fillo dun empresario que ten unha imprenta en quebra.



### **O MERCADOR DAS CATRO ESTACIÓNS**

**PASE ÚNICO 16 XUÑ**

**Rainer Werner Fassbinder, 89', DE, VOSE, 1971**  
Con Hans Hirschmüller, Irm Hermann

Hans é un froiteiro ambulante que vende polas rúas de Múnic. Ten unha nai dominante e sempre insatisfeita con el e unha muller fría e cínica. El déixase arrastrar pola violencia e o alcol.



### **EFFI BRIEST PASE ÚNICO 24 XUÑ**

**Rainer Werner Fassbinder, 134', DE, VOSE, 1974**  
Con Hanna Schygulla, Wolfgang Schenck

Effi Briest casa cun home maior ca ela, o barón von Instetten. Tras uns anos de vida feliz en común, a súa amizade co maior Crampas suporá un conflito ético que concluirá cun duelo entre o marido ofendido e o suposto amante.



### **A VIAXE Á FELICIDADE DE MAMÁ KÜSTER**

**PASE ÚNICO 30 XUÑ**

**Rainer Werner Fassbinder, 120', DE, VOSE, 1975**  
Con Brigitte Mira, Margit Carstensen, Ingrid Caven

Un obreiro dunha planta química asasina o fillo do seu xefe e suicídase a continuación. A súa viúva inicia unha odisea persoal na que terá que se enfrontar a manipulacións mediáticas e ideólogos políticos que buscan empregala para os seus propios fins, ignorando a única razón que a move: defender a dignidade á memoria do seu marido.

---

# NUMAX


numax.org

**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

---

Co patrocinio de

**AAAAAA Agencia**  
**GGGGGG Gráfica**

  @numaxcoop

---